

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA E ANPE SINDICATO INDEPENDENTE PARA A REALIZACIÓN DUN PROGRAMA DE ACTUACIÓNS EN MATERIA DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

---

En Santiago de Compostela, 16 de marzo de 2016

### REUNIDOS

**Don...** , conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro e pola Lei 12/2007, do 27 de xullo, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 15/2015, do 9 de febreiro, e no uso das atribucións que lle confire o Decreto 4/2013, do 10 de xaneiro, publicado no DOG número 13, do 18 de xaneiro, no que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

**Don...**, con DNI..., en nome e representación de ANPE Sindicato Independente (en diante ANPE-GALICIA), con CIF ..., que actúa como presidente, segundo a escritura de apoderamento outorgada perante o notario de Madrid, don Carlos Ruiz-Rivas Hernando, o día 27 de novembro de 2008.

### EXPOÑEN

1. Que ANPE-GALICIA é consciente da importancia que ten a aplicación da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística que recoñece o galego como lingua propia de Galicia e, moi especialmente, no referente ao uso do galego como lingua oficial no ensino, por ser un sindicato de ámbito autonómico constituído por profesores de ensinanza pública.
2. Que, no ámbito da Administración autonómica galega, lle corresponde á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, as competencias en materia de política lingüística.
3. Que, así mesmo, é consciente de que as institucións e entidades galegas teñen que colaborar na implantación do Plan xeral de normalización da lingua galega (en diante PNL), que aprobou, por unanimidade, o Pleno da Cámara do Parlamento de Galicia na súa

sesión do día 22 de setembro de 2004, coa finalidade de conseguir estender o uso do galego a todos os ámbitos da sociedade.

4. Que ANPE-GALICIA é unha organización sindical que ten por finalidade defender e promover os intereses profesionais e sociais dos seus afiliados no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, así como impulsar a formación, actualización, perfeccionamento, promoción e orientación profesional dos seus afiliados e organizar as actividades precisas para tal fin.
5. Que, de acordo cos anteriormente citados marcos legais, a lingua galega é materia de estudo obrigatoria en todos os niveis educativos non universitarios e, polo tanto, correspóndelle ao Goberno galego garantir o uso efectivo deste dereito. Neste sentido arbitrará as medidas necesarias para promover o seu uso progresivo na comunidade educativa e para garantir unha competencia plena no idioma galego que repercuta de forma efectiva na súa adopción como lingua habitual por parte nas novas xeracións.
6. Que, para poder cumprir estes obxectivos, tamén é preciso atender as necesidades formativas en materia de lingua galega do profesorado que imparte a súa docencia nos distintos niveis educativos e, para tal fin, a Administración galega debe promover as actuacións que sexan necesarias para garantir a plena competencia dos docentes para desenvolver o seu labor e os coñecementos necesarios para participar con criterio en tarefas de planificación lingüística escolar.
7. Que, por este motivo, ANPE-GALICIA fai explícita a súa inequívoca vontade de seguir colaborando coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria na aplicación da Lei de normalización lingüística e no Plan xeral de normalización da lingua galega, aprobado por unanimidade polo Parlamento de Galicia, no funcionamento deste sindicato e no ámbito do ensino como área estratéxica do citado plan.
8. Que as actividades que promove ANPE-GALICIA se enmarcan dentro dos obxectivos que sinala a Lei de normalización e o Plan xeral de normalización da lingua galega, as cales, dada a súa singularidade e características, soamente se poderán levar a cabo no seu ámbito de actuación e, tendo en conta que a colaboración no proceso normalizador, mediante a sinatura de convenios, tamén se fai extensiva CC.OO, UGT Galicia, CSI-F e a CIG, é polo que non resulta posible promover a concorrencia pública para a realización das actividades previstas no convenio.

Polo exposto, as partes acordan asinar un convenio de colaboración para o ano 2016, que se rexerá polas seguintes:

## **ESTIPULACIÓNS**

### **Primeira.- Obxecto do convenio**

Este convenio ten por obxecto, establecer las bases polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, e o Sindicato ANPE para defender e promover os intereses profesionais e sociais de todos os seus afiliados, así como de encargase de transmitir as novidades e informacións que, en materia docente, afecten ao profesorado galego.

As partes colaborarán na realización dunha serie de actividades para aumentar o uso do galego na comunidade educativa, entre os docentes e nas relacións cos escolares en xeral, logrando os obxectivos fundamentais de garantir que os alumnos reciban os seus coñecementos en lingua galega, oral e escrita nos diversos ciclos, que a coñezan ao igual que o castelán e que poidan facer uso destes dereitos.

### **Segunda.- Obrigas de ANPE**

En cumprimento das obrigacións derivadas da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística e do Plan de normalización da lingua galega, mediante a sinatura deste convenio, ANPE-GALICIA se compromete a realizar en lingua galega as seguintes actividades:

- Elaboración do suplemento da revista do sindicato para os meses xaneiro-febreiro de 2016
- Novo caderno de licenzas, permisos e vacacións 2016
- Elaboración do boletín para opositores 2016
- Elaboración do boletín de concurso de traslados 2016
- Celebración dunhas Xornadas sobre Lingua Galega no Ensino: conferencia educativa con relator de recoñecido prestixio aberta a todo o profesorado galego na que se tratará de informar ao profesorado da actualidade educativa.

### **Terceira.- Asesoramento lingüístico**

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística comprométese a facilitar, cando sexa preciso, o apoio e asesoramento técnico en relación con aspectos lingüísticos e terminolóxicos relacionados coas actividades deste convenio.

#### **Cuarta.- Financiamento**

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, contribuirá ao financiamento deste convenio cunha cantidade total de **mil euros (1.000,00 €)**, con cargo á aplicación 10.30.151A.481.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2016.

#### **Quinta.- Xustificación e pagamento**

Para percibir a achega establecida na estipulación anterior, ANPE entregará na Secretaría Xeral de Política Lingüística, coa data límite do 30 de novembro de 2016, a seguinte documentación:

- Certificación (dúas copias) do desenvolvemento das actividades do convenio, xunto coa que se achegará xustificación dos gastos que orixine a súa execución. Esta realizarase mediante facturas orixinais ou fotocopias compulsadas (dúas copias). Tamén deberá acreditar e xustificar o pagamento do gasto realizado.
- Un informe (dúas copias en soporte papel e unha en soporte informático) de resultados das actividades realizadas no marco do convenio e da súa incidencia na promoción da lingua.

Para percibir a mencionada axuda, ANPE queda exonerada de constituír garantía, de conformidade co artigo 65. 4 f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

No caso de que a xustificación dos gastos sexa inferior ao importe do convenio, a achega da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria diminuírase proporcionalmente.

Esta axuda é compatible coa percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade. Non obstante, o seu importe en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade apoiada, de acordo co establecido no artigo 40.1 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou

entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación deste convenio.

Antes de proceder á sinatura deste convenio e para o pagamento ANPE, presentará na Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria unha declaración responsable asinada polo órgano competente de non ter contraídas débedas, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma galega, así como de estar ao día das obrigas tributarias e ao corrente das obrigas sociais, de acordo co artigo 11 Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e artigo 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da citada lei. Esta declaración poderá substituírse por:

- Un certificado de non ter pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, expedido pola Consellería de Facenda.
- Un certificado de estar ao día das obrigas tributarias, expedido pola correspondente delegación ou axencia do Ministerio de Economía e Facenda.
- Un certificado de atoparse ao corrente das obrigas sociais, expedido pola Tesourería da Seguridade Social.

Non obstante, a sinatura deste convenio comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

Ademais disto, antes de proceder á sinatura deste convenio e para o pagamento, ANPE presentará, unha declaración complementaria do conxunto de axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución para o mesmo fin, das distintas administracións públicas ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades. En caso de non ter ningunha axuda, deberase presentar unha declaración de que só se percibe este importe para esta finalidade.

Así mesmo, ANPE deberá achegar unha declaración de que a entidade non se atopa incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

No caso de incumprimento das obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e, en todo caso, nos supostos establecidos no artigo 33 desta lei, ANPE comprométese a reintegrar as cantidades percibidas, se as houbese, xunto



cos xuros de mora segundo o procedemento establecido no artigo 37 da mesma norma legal e no artigo 77 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

ANPE procurará utilizar o galego en todas as comunicacións que estableza coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

ANPE facilitará toda a información que lle sexa requirida pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Consello de Contas e polo Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

#### **Sexta.- Utilización da lingua galega**

Todas as accións e actividades que se realicen ao abeiro deste convenio se deberán levar a cabo de acordo co indicado nas vixentes normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego, aprobadas pola Real Academia no ano 2003, tal e como se establece na disposición adicional da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística. Así mesmo, coidarase especialmente do respecto rigoroso da toponimia oficial nos termos previstos no artigo 10 da citada lei.

O incumprimento desta estipulación considerárase causa específica de resolución deste convenio.

#### **Sétima.- Rexistro de convenios. Transparencia e bo goberno**

De conformidade co establecido no artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa, que introduciu diversas modificacións na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, esta axuda será publicada na Base de Datos Nacional de Subvencións, nos termos recollidos no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

Así mesmo, a entidade asinante deberá dar cumprimento as obrigas de publicidade que se establecen no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.



A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso da entidade á Administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co artigo 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, (BOE 10-12-2013) de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e co decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Así mesmo, de acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, outorgase consentimento para que se publiquen as axudas concedidas, nos rexistros públicos referidos con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade.

#### **Oitava.- Difusión da colaboración das partes**

Nas actuacións informativas e divulgativas e nas publicacións que se fagan relacionadas coas actividades deste convenio farase constar, nun lugar destacado, a colaboración das partes e utilizaranse, cando proceda, os anagramas de cada unha das entidades aprobados pola normativa de identidade corporativa.

Sexa cal for o medio de difusión, cada unha das dúas partes comprométese a facer mención da outra parte e deste convenio.

#### **Novena.- Vixencia**

Este convenio estará vixente dende a data da súa sinatura ata o 30 de novembro de 2016. Non obstante, este convenio poderá extinguirse por acordo mutuo e voluntario das partes, por desestimento dalgunha ou por denuncia do mesmo por incumprimento dos compromisos adquiridos, o que se comunicará de xeito fidedigno, previa audiencia da outra parte e con polo menos, un mes de antelación. Abranguerá as accións obxecto do convenio que realice a entidade dende o 1 de xaneiro.

#### **Décima.- Comisión de Seguimento**

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, crearase unha comisión paritaria de seguimento, constituída por dous representantes da Secretaría Xeral de Política Lingüística, nomeados polo seu titular, e dous representantes de ANPE. Esta comisión, que estará presidida por un dos representantes de Política Lingüística, coordinará o seu

desenvolvemento e estará facultada para resolver cantas dúbidas xurdan na súa execución. Os acordos adoptados neste sentido serán inmediatamente executivos.

#### **Décimo primeira.- Causas de resolución**

Este convenio resolverase:

- a) Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- b) Polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.

De se resolver o convenio, a consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria pode, se é o caso, esixir a devolución das cantidades achegadas.

#### **Décimo segunda.- Responsabilidade das actuacións**

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades previstas e mais a Xunta de Galicia, de tal xeito que a esta non se lle pode esixir responsabilidade ningunha –nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria– polos actos ou feitos producidos no desenvolvemento do convenio.

#### **Décimo terceira.- Avaliación de resultados**

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística avaliará a realización das actividades contempladas na estipulación segunda do convenio e a súa incidencia efectiva na dinamización da lingua.

#### **Décimo cuarta.- Normativa aplicable e xurisdición**

Este convenio ten carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas cláusulas, e queda suxeito ó disposto polo Acordo da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, feito público por resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991.

O réxime xurídico aplicable a este convenio será o das seguintes normas: Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da citada lei, e Lei orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2016.



XUNTA DE GALICIA

Así mesmo, este convenio tamén estará suxeito aos artigos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e do Real decreto 887/2006, polo que se aproba o regulamento da dita lei.

A xurisdición contencioso administrativa será a competente para dirimir as cuestións que puidesen xurdir da aplicación deste convenio.

Ao estaren as dúas partes conformes co pactado, asinan tres copias deste convenio.

O conselleiro de Cultura, Educación e  
Ordenación Universitaria

O presidente de  
ANPE-GALICIA